



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ACTA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O 23 DE ABRIL DE 2026.

1. RATIFICACIÓN DA URXENCIA NA CELEBRACIÓN DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN PARA O DÍA 23.04.2026.....	2
2. MODIFICACIÓN NÚM. 4 DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE PONTEDEUME.....	4
3. APROBACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL, CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O EXERCICIO 2026 E LÍMITE DE GASTO NON FINANCIERO.....	81
REMATE DA SESIÓN.....	94
DILIXENCIA DE APROBACIÓN.....	94





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ACTA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O 23 DE ABRIL DE 2026.

ASISTENTES:

Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro

Concelleiros/as:

D^a María Rosario Huertas Garabana (PSdeG-PSOE)

D. José Simoes Couceiro (PSdeG-PSOE
que se incorporase á sesión ás 9h e 12
min.)

D^a Alejandra Bellón Tenreiro (PSdeG-
PSOE)

D. Isaac Alejandro García Otero. (PSdeG-
PSOE).

D^a Ángela Piñeiro Carrera (PSdeG-PSOE).

D. Joshua Dopico López (PSdeG-PSOE)

D^a. Manuela García Fachal (PSdeG-PSOE)

D. Manuel Aaron Curbeira Martínez (BNG)

D^a María del Rocío Pena Pena (BNG)

D. Santiago José Rodríguez Piñeiro (PP)

D^a Montserrat Pico Rodeiro (PP)

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as nove horas e nove minutos do día vinte e tres de abril de dous mil vinte e seis, xúntanse, en sesión extraordinaria e urxente o Pleno, en primeira convocatoria, previamente convocados/as ao efecto, os concelleiros e concelleiras membros do Pleno do concello relacionados/as á marxe, baixo a presidencia do señor Alcalde-Presidente don Bernardo Fernández Piñeiro

Foron asistidos pola Secretaria xeral e a Interventora municipal.

A Secretaria xeral:

D^a Ana Ramos Ramos

A Interventora municipal

D. Lucía Varela Martínez

Non asiste:

D. Daniel Ríos Fernández (PsdeG-PSOE)

A Presidencia abre a sesión, procedendo a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

1. RATIFICACIÓN DA URXENCIA NA CELEBRACIÓN DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN PARA O DÍA 23.04.2026

A secretaria municipal da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DE ACORDO





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CELEBRACIÓN DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 23.04.2026

(Expediente TEdC 2026/G006/000106)

A convocatoria extraordinaria e urxente para a celebración desta sesión do Pleno da Corporación, ven derivada dos prazos establecidos na lexislación ao respecto e, unha vez que xa foron ditaminados pola comisión informativa correspondente os asuntos a incluír na orde do día da sesión.

Por tanto, esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA**:

PRIMEIRO.- Ratificar a Urxencia da celebración da sesión extraordinaria e urxente da do Pleno da Corporación o día 23.04.2026.

SEGUNDO.- Ratificar a Inclusión na Orde do Día da Sesión do asunto:

- **MODIFICACIÓN NÚM. 4 DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE PONTEDEUME.**
- **APROBACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL, CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O EXERCICIO 2026 E LÍMITE DE GASTO NON FINANCIERO."**

Intervén o sr. Presidente que indica que a entrada en vigor do orzamento é fundamental para a xestión do Concello, que hai que facer un trámite de exposición pública, polo que convocar este pleno permitirá adiantar unha semana a tramitación de certos expedientes que en realidade son urxentes.

Sen máis intervencións, sométese votación a proposta, quedando **ADOPTADO** por **POR MAIORÍA DE SETE VOTOS A FAVOR (7)**, dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (7), D. Bernardo Fernández Piñeiro, D^a M.^a Rosario Huertas Garabana, D^a. Alejandra Bellón Tenreiro, D. Isaac Alejandro García Otero, D. Joshua Dopico Lopez, D^a. Ángela Piñeiro Carrera e D^a Manuela García Fachal; e **CATRO ABSTENCIÓNS (4)** do concelleiro e da concelleira do grupo municipal do BNG (2), D. Manuel Aaron Curbeira Martínez e D^a María del Rocío Pena Pena, e do concelleiro e da concelleira do grupo municipal do PP (2), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D^a. Montserrat Pico Rodeiro; o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- Ratificar a Urxencia da celebración da sesión extraordinaria e urxente da do Pleno da Corporación o día 23.04.2026.

SEGUNDO.- Ratificar a Inclusión na Orde do Día da Sesión do asunto:

- **MODIFICACIÓN NÚM. 4 DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE PONTEDEUME.**





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- APROBACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL, CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O EXERCICIO 2026 E LÍMITE DE GASTO NON FINANCIERO.

2. MODIFICACIÓN NÚM. 4 DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE PONTEDEUME.

A secretaria municipal da lectura ao ditame da Comisión Informativa Permanente de Estudo, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno, de día 22.04.2026, que se transcribe a continuación:

<<DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO

SESIÓN: EXTRAORDINARIA E URGENTE DE DÍA MÉRCORES 22 DE ABRIL DE 2026

EXPDTE: 2026/G012/000008

2. MODIFICACIÓN NÚM. 4 DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE PONTEDEUME.

Consta proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DE ACORDO

DON BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO, ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME.

A relación de postos de traballo do concello de Pontedeume aprobada no ano 2007, logo do tempo transcurrido advírtese que ten aspectos que non son acordes co réxime xurídico actual nin coas necesidades de persoal do concello de Pontedeume.

Tendo en conta esta circunstancia véñense dando pasos para ir, a medio do procedemento de modificación do documento en vigor, dando pasos para adecuar o documento de ordenación de recursos humanos ás necesidades existentes.

En consecuencia nesta modificación número 4 que tivo a preceptiva negociación sindical, co acordo a favor de todas as forzas sindicais presentes, na sesión do pasado día 8 de abril de 2026, propónse una modificación que resulta consecuente coa propia natureza e carácter dinámico das mesmas, toda vez que estas son instrumentos vivos que deben ter a capacidade de adaptar os seus contidos ás novas circunstancias e/ou feitos que afecten á realidade que recollen e regulan (aspectos administrativos, organizativos, funcionais, profesionais, retributivos, etc...).





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Deste xeito, de conformidade co carácter dinámico e vivo da RPT, semella lóxico que, na medida en que xurdan estas novas necesidades e/ou circunstancias, con influencia directa nos seus contidos, sexa necesario proceder a unha adaptación e/ou revisión dos mesmos.

En relación coa presente proposta de modificación puntual da RPT, débese sinalar que a fixación e configuración da estrutura organizativa e administrativa debe ser enmarcada dentro da potestade de autoorganización e autonomía, legal e xurisprudencialmente recoñecidas ás Corporacións Locais, para a xestión dos seus respectivos intereses.

Así, debemos partir da consideración de que a elaboración e modificación do Organigrama e RPT, cabe enmarcala como unha manifestación da potestade que o Concello ten para a elaboración e aprobación da organización e ordenación interna dos recursos humanos, que debe entenderse, a súa vez, como unha manifestación concreta da potestade xeral de autorganización, normativa e xurisprudencialmente recoñecida, e da que gozan as Administracións Públicas e, en particular, a Administración Local, - artigo 4.1 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local-. Neste senso, cada Administración Local - e neste caso o Concello de Ponte deume - goza de amplas facultades para organizar os servizos na forma que estime máis conveniente para a súa maior eficacia, sen trabas ou constricións derivadas do mantemento das precedentes prácticas de organización e de funcionamento funcional.

Ao contrario, a interpretación constitucionalmente correcta desta manifestación do principio autoorganizativo comporta, en primeiro lugar, o recoñecemento de que, no exercicio deste contido propio da potestade de ordenación do persoal, as Administracións Públicas gozan dunha marxe de actuación suficientemente ampla á hora de concretar na organización os "estatus" do persoal ao seu servizo (vid. STC do 29 de marzo de 1990) e, en segundo lugar, a existencia de que a Administración actuante empregue, de xeito crítico, a marxe de discrecionalidade técnica que o Lexislador lle confire para obter unha mellor conxugación dos recursos persoais e das estruturas administrativas das que dispoña, ou prevexa dispor, cos obxectivos prestacionais que teña programados orzamentariamente ou que se propoña acadar (vid. STSX País Vasco de 22 de febreiro de 2003).

En definitiva, dita proposta de modificación puntual da RPT, cabe enmarcala dentro da potestade do Concello de Ponte deume para definir a estrutura organizativa e de postos que considere máis adecuada para satisfacer as actuais necesidades dos servizos municipais e garantir a súa adecuada cobertura e prestación.

Cómpre proceder á súa tramitación conforme ao previsto nos arts. 22.2.i LRBRL e 202 da LEPG.

"Artículo 22.

2. Corresponde en todo caso al Pleno:

i) La aprobación de la plantilla de personal, la relación de puestos de trabajo, la fijación de la cuantía de las retribuciones complementarias fijas y periódicas de los funcionarios y el número y régimen del personal eventual."

"Artigo 202. Relación de postos de traballo





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

1. As entidades locais deberán elaborar unha relación de postos de traballo que conteña todos os postos de traballo existentes nelas.

2. A relación de postos de traballo, logo do cumprimento dos trámites preceptivos que correspondan, será aprobada inicialmente polo órgano da entidade local que resulte competente segundo o establecido pola lexislación de réxime local e sometida a información pública por un prazo non inferior a vinte días.

Transcorrido o devandito prazo, a aprobación elevarase a definitiva se non se formularon reclamacións, suxestións ou alegacións. En caso contrario, a relación de postos de traballo deberá ser obxecto de aprobación definitiva logo da resolución das reclamacións, suxestións ou alegacións presentadas.

3. Unha vez aprobada definitivamente, da relación de postos de traballo remitirase copia aos órganos competentes da Administración xeral do Estado e da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia dentro do prazo de trinta días, e será publicada integramente no boletín oficial da provincia." Simultaneamente cumpre aprobar inicialmente a modificación do cadro de persoal e do anexo de persoal, para darlle cobertura/reflexo orzamentario ás modificacións propostas, nos termos do artigo 126 do TRRL.

Igualmente, de conformidade co anteriormente exposto, e co obxecto de proceder a unha adaptación e/ou revisión de novas necesidades e/ou circunstancias, realízanse as seguintes propostas de modificación puntuais a incorporar na actual RPT; propostas que foron sometidas a negociación colectiva na reunión da mesa xeral de negociación celebrada en data 8 de abril de 2026 e que se elevan ao órgano competente logo da emisión dos informes xurídico da Secretaria Xeral, como é preceptivo e o de fiscalización da intervención, que obran no expediente.

En consecuencia, co que antecede **PROPOÑO**:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a modificación número 4 da RPT do Concello de Ponte deume, nos termos e co alcance sinalados a continuación, segundo as motivacións recollidas e cos cambios que implica na RPT recollidos a continuación:

1.- Modificación da metodoloxía ou sistema de transformación dos puntos en contía do Complemento Específico (CE).

Na actual RPT do Concello de Ponte deume establécese un sistema de transformación dos puntos en contía do CE a través dunha táboa na que se establecen diversos tramos de puntuación e importes.

Cabe indicar que dito sistema de transformación de puntos en contía do CE é un sistema en desuso, que non se aplica nas novas RPT's, xa que dita metodoloxía non é totalmente igualitaria para todos os postos de traballo. Deste xeito, si se realiza unha simple operación aritmética, consistente en dividir a contía do CE dun posto entre a puntuación de dito posto, resulta que o valor do punto non é o mesmo para todos os postos de traballo.

A modo de exemplo, realízase dita operación aritmética cos seguintes postos de traballo:



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

POSTO	COMPLEMENTO ESPECÍFICO ACTUAL 2026	PUNTOS CE ACTUAIS	VALOR PUNTO ACTUAL
ARQUITECTO	14.286,03	548	26,07
XEFE INTERVENCIÓN	14.286,03	528	27,06
ADMINISTRATIVO- INFORMÁTICO	12.569,08	471	26,69
PSICÓLOGA	10.851,99	438	24,78
POLICÍA	10.851,99	418	25,96
ARQUITECTO TÉCNICO	10.851,99	413	26,28
ADMINISTRATIVO	9.134,89	354	25,80
ASISTENTE SOCIAL	7.417,94	336	22,08
VARREDOR	5.940,87	276	21,52
AUX. ADMINISTRATIVO	5.700,98	267	21,35
OFICIAL 1ª	5.700,98	262	21,76
PEÓN	4.151,82	235	17,67
LIMPADOR	4.151,82	235	17,67
AUXILIAR DE FOGAR	4.151,82	235	17,67

Como pode observarse na táboa anterior, o valor do punto non é o mesmo para todos os postos de traballo, existindo grandes variacións no referido valor. Ademais, resulta que os postos con menores puntuacións son os que teñen un menor valor do punto; o que implica que o actual sistema de transformación dos puntos en CE resulta particularmente inxusto para os postos coas retribucións máis baixas.

Neste senso, cabe citar a Sentenza nº 104/2018 ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Pontevedra en data 31/07/2018, que anulou o sistema de transformación dos puntos en complemento específico previsto na RPT do Concello de A Estrada, xa que en dita RPT se establecía un valor do punto que non era lineal, senón que o seu valor variaba en función do grupo profesional dos postos de traballo. Así, na referida sentenza establécese:

“Siguiendo el examen de los motivos de impugnación recogidos en la demanda del Sindicato Nacional de Comisiones Obreras de Galicia -PA 348/16 de este Juzgado-, se plantea en ésta la cuestión relativa al sistema seguido para la valoración del punto, que no será lineal, sino ponderado en función del grupo o categoría profesional. (...)

En la línea que se defiende por las recurrentes, también ha de ser estimada esta alegación, pues la diferencia que se hace al valorar los puntos del complemento específico, en función del grupo o categoría, no es coherente con la naturaleza y significado del complemento específico, que se valora en función de determinadas circunstancias, de forma que la desigualdad en su fijación vendría dada por tratar de forma desigual a quien reúne las mismas circunstancias de valoración. (...)

En consecuencia, ha de ser estimado también el motivo de impugnación relativo al sistema de valoración del punto que ha de ser lineal, y no en función de la categoría o grupo, pues la diferencia que existe entre los puestos por razón de la categoría o grupo se ha de tener en cuenta ya en otros conceptos retributivos.”





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

De conformidade coas anteriores consideracións, débese establecer na RPT do Concello de Ponte deume un sistema de transformación de puntos en complemento específico que sexa lineal e igualitario para todos os postos de traballo, independentemente da súa puntuación, grupo ou categoría profesional.

Polo tanto, propónse a modificación da metodoloxía de transformación de puntos en contía do complemento específico, nos seguintes termos:

Determinación do valor económico do Complemento Específico

Unha vez determinados os puntos correspondentes a cada posto, con arranxo ao procedemento sinalado no manual de valoración da RPT, e dado que non resulta posible a translación inmediata e directa dos mesmos na Contía do Complemento Específico, procede fixar o procedemento para determinación da contía final do Complemento Específico. Por tanto, para lograr a transformación da puntuación acadada no proceso do Específico, nunha cantidade concreta, en cartos, aplicaranse os seguintes criterios:

- a) Como criterio xeral, compre salientar que un posto con maior puntuación non poderá ter, en ningún caso, un Específico inferior a outros que teñan asignada menor puntuación.
- b) Para homoxeneizar os postos en tramos, redondearanse os puntos obtidos a múltiplos de 25 inmediato superior, de tal xeito que os puntos atribuídos a cada posto oscilaran en tramos de 25 puntos.
- c) Atribuírase un valor lineal en cartos para cada punto, e procederase a multiplicar o total de puntos asignado a cada posto (tras o redondeo en múltiplos de 25) polo dito valor do punto, dando como resultado a contía final do Complemento Específico (en 12 pagas) que se asignará a cada posto. No presente caso, o valor asignado é de 27,50 euros/punto.

Da aplicación da nova metodoloxía para determinar as contías do complemento específico dun modo lineal e igualitario, resultan as seguintes variacións nos importes do complemento específico:





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

PERSOAL FUNCIONARIO						
CÓDIGO	POSTO	PUNTOS CE ACTUAIS	COMPLEMENTO ESPECÍFICO ACTUAL 2026	PUNTOS CE ACTUAIS REDONDEO A MÚLTIPLOS DE 25	NOVO VALOR PUNTO APLICADO	IMPORTE NOVO CE (12 PAGAS)
01.00.00.02.02	TÉCNICO/A DE ADMINISTRACIÓN LOCAL. XEFE/A DE SECRETARIA	548	14.286,03	550	27,50	15.125,00 €
01.00.00.02.08	TÉCNICO/A DE XESTIÓN	413	10.851,99	425	27,50	11.687,50 €
01.00.00.03.03 01.00.00.03.04 01.00.00.03.09	ADMINISTRATIVO/A	354	9.134,89	375	27,50	10.312,50 €
01.00.00.03.05 01.00.00.03.10 01.00.00.03.11	AUX. ADMINISTRATIVO/A ÁREA ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIME INTERNO	267	5.700,98	275	27,50	7.562,50 €
01.00.00.03.06	ALGUACIL - PORTEIRO/A	294	5.700,98	300	27,50	8.250,00 €
02.00.00.02.02	XEFE/A INTERVENCIÓN	528	14.286,03	550	27,50	15.125,00 €



**CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)**

02.00.00.03.05	ADMINISTRATIVO/A- INFORMÁTICO	471	12.569,08	475	27,50	13.062,50 €
02.00.00.03.06 02.00.00.03.09	ADMINISTRATIVO/A ÁREA ECONÓMICA /FINANCEIRA. INTERVENCIÓN	435	10.851,99	450	27,50	12.375,00 €
02.00.00.02.03	XEFE/A DE XESTIÓN DE PERSOAL E RECADACIÓN	487	12.569,08	500	27,50	13.750,00 €
02.00.00.03.10	ADMINISTRATIVO/A. ÁREA ECONÓMICO FINANCEIRA. TESOURERÍA	354	9.134,89	375	27,50	10.312,50 €
02.00.00.03.07	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A. ÁREA ECONÓMICO FINANCEIRA. TESOURERÍA	267	5.700,98	275	27,50	7.562,50 €
03.00.00.01.01 03.00.00.01.02	ARQUITECTO/A	548	14.286,03	550	27,50	15.125,00 €
03.00.00.02.02	ARQUITECTO/A TÉCNICO	413	10.851,99	425	27,50	11.687,50 €
03.00.00.03.03	ADMINISTRATIVO/A. ÁREA DE URBANISMO	354	9.134,89	375	27,50	10.312,50 €
03.00.00.03.04	AUX ADMTVO/A ÁREA DE URBANISMO	267	5.700,98	275	27,50	7.562,50 €
03.00.00.03.05	AUX POL URBAN	267	5.700,98	275	27,50	7.562,50 €
04.00.00.01.02	OFICIAL DE POLICÍA	463	12.569,08	475	27,50	13.062,50 €





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

04.00.00.02.03-10	POLICÍA	418	10.851,99	425	27,50	11.687,50 €
04.00.00.03.11	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A DE POLICÍA	267	5.700,98	275	27,50	7.562,50 €
05.03.00.02.16	SEPULTUREIRO/A	276	5.940,87	300	27,50	8.250,00 €
06.00.00.01.01	TÉCNICO/A MEDIO EN SERVIZOS SOCIAIS	519	14.286,03	525	27,50	14.437,50 €
06.00.00.03.02	AUX ADMTVO/A. ÁREA SERVIZOS SOCIAIS	267	5.700,98	275	27,50	7.562,50 €
07.00.00.03.02	ADMINISTRATIVO/A	354	9.134,89	375	27,50	10.312,50 €
08.00.00.03.02	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A. ÁREA DE DEPORTES.	267	5.700,98	275	27,50	7.562,50 €
09.00.00.03.03	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A. ÁREA DE CULTURA E TURISMO	267	5.700,98	275	27,50	7.562,50 €





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

PERSOAL LABORAL						
CÓDIGO	POSTO	PUNTOS CE ACTUAIS	COMPLEMENTO ESPECÍFICO ACTUAL 2026	PUNTOS CE ACTUAIS REDONDEO A MÚLTIPLOS DE 25	VALOR PUNTO APLICADO	IMPORTE NOVO CE (12 PAGAS)
01.00.00.02.07	NORMALIZADOR/A LINGÜÍSTICO/A	313	7.417,94	325	27,50	8.937,50 €
05.01.00.02.02 05.01.00.02.03	OFICIAL 1ª	262	5.700,98	275	27,50	7.562,50 €
05.01.00.03.07	CONDUTOR/A	296	5.700,98	300	27,50	8.250,00 €
05.01.00.03.08- 10	PEÓN	235	4.151,82	250	27,50	6.875,00 €
05.02.00.03.14	PEÓN UNIDADE DE PARQUES E XARDÍNS	235	4.151,82	250	27,50	6.875,00 €
05.05.01.02.18	ENCARGADO/A DO PUNTO LIMPO	267	5.700,98	275	27,50	7.562,50 €
05.05.01.02.19- 20	CONDUTOR/A CAMIÓN RECOLLIDA DE LIXO	337	7.417,64	350	27,50	9.625,00 €





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

05.05.01.03.21-23	PEÓN RECOLLIDA DE LIXO	276	5.940,87	300	27,50	8.250,00 €
05.05.02.03.25-30	VARREDOR/A	276	5.940,87	300	27,50	8.250,00 €
05.05.03.03.31-36	LIMPADOR/A	235	4.151,82	250	27,50	6.875,00 €
06.01.00.02.03	PSICÓLOGO/A	438	10.851,99	450	27,50	12.375,00 €
06.01.00.03.04	ASISTENTE SOCIAL	336	7.417,94	350	27,50	9.625,00 €
06.02.00.02.05	ANIMADOR/A SOCIAL	377	9.134,89	400	27,50	11.000,00 €
06.03.00.02.07	EDUCADOR/A SOCIAL	336	7.417,94	350	27,50	9.625,00 €
06.03.00.03.08-10	AUXILIAR DE FOGAR	235	4.151,82	250	27,50	6.875,00 €
07.00.00.03.05	INFORMÁTICO/A	354	9.134,89	375	27,50	10.312,50 €





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

2. Revisión da valoración do Complemento Específico (CE) dos postos de funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

A publicación e entrada en vigor do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, determinou a asunción de novas funcións e responsabilidades para esta clase de postos.

O desempeño de labores engadidas contempladas no referido RD 128/2018 supón a necesaria revisión do complemento específico destes postos de traballo.

Deste xeito, non se poden obviar as especiais funcións fiscalizadoras dos postos de funcionarios con habilitación de carácter nacional, xa sexa a nivel xurídico ou económico-financeiro, xunto coa independencia existente na sinatura individual de documentos –fe pública, informes, resolucións administrativas propias-, o que fai preciso a necesaria revisión do seu complemento específico, dada a enorme responsabilidade destes funcionarios na súa actual actuación, a todos os niveis –penal e administrativo-, e a súa intervención sistemática en case todas as actuacións do Concello.

De conformidade co exposto, procede corrixir as actuais fichas dos funcionarios con habilitación de carácter nacional, substituíndo as referencias ao derogado RD 1174/1987, polo vixente RD 128/2018:

CÓDIGO	01.00.00.01.01
DENOMINACIÓN	SECRETARIO/A XERAL
ÁREA DE ADSCRICIÓN	ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIME INTERNO
TIPO DE PERSOAL	FUNCIONARIO
ESCALA	FUNCIONARIO CON HABILITACIÓN NACIONAL
GRUPO	A1
NIVEL	30
FUNCIONES	1.- Xestión e coordinación da Área. 2.- Tódalas previstas no RD 128/2018, do 16 de marzo, que sexan propias do seu posto de traballo. 3.- Calquera outra propia do seu corpo, escala ou categoría dentro das atribuídas á área de pertenza.
OBSERVACIÓNS	ESPECIAL DISPOÑIBILIDADE E DEDICACIÓN





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

CÓDIGO	02.00.00.01.01
DENOMINACIÓN	INTERVENTOR/A
ÁREA DE ADSCRICIÓN	ECONÓMICO-FINANCEIRA
TIPO DE PERSOAL	FUNCIONARIO
ESCALA	FUNCIONARIO CON HABILITACIÓN NACIONAL
GRUPO	A1
NIVEL	30
FUNCIONES	1.- Controlar e fiscalizar a xestión económico-financeira e orzamentaria do Concello, de acordo co establecido no RD 128/2018, do 16 de marzo. 2.- Coordinar a Área. 3.- Calquera outra propia do seu corpo, escala ou categoría dentro das atribuídas á área de pertenza.
OBSERVACIÓNS	ESPECIAL DISPOÑIBILIDADE

CÓDIGO	02.00.00.02.04
DENOMINACIÓN	TESOUREIRO/A
ÁREA DE ADSCRICIÓN	ECONÓMICO-FINANCEIRA
TIPO DE PERSOAL	FUNCIONARIO
ESCALA	FUNCIONARIO CON HABILITACIÓN NACIONAL
GRUPO	A1
NIVEL	28
FUNCIONES	1.- Asumir a prestación das funcións propias de Tesourería, co alcance que determina o RD 128/2018, demais normativa de aplicación. 2.- Desempeñar a xefatura do servizo de tesourería e recadación. 3.- Calquera outra propia do seu corpo, escala ou categoría dentro das atribuídas á área de pertenza.
OBSERVACIÓNS	ESPECIAL DISPOÑIBILIDADE

Que respecto da descrición de funcións contidas nas anteriores fichas, cómpre precisar que a mesma non pretende ser exhaustiva e se realiza sen prexuízo de que, cando as circunstancias o xustifiquen, ao ocupante do posto se lle poida esixir o desenvolvemento de calquera función, tarefa ou





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

responsabilidade distinta á correspondente ao posto de traballo, sempre que resulten axeitadas ao seu Corpo, Escala, Subescala ou Categoría Profesional (vid. Artigo 73.2 da Lei 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público), así como daquelas funcións asignadas por disposicións normativas específicas, por disposicións legais de nova aplicación, ou por outros instrumentos de ordenación do persoal de carácter interno que se poidan desenvolver no seo da propia Administración Municipal.

- Proposta de valoración dos referidos postos de traballo:

Atendendo ás características estruturais e funcionais dos citados postos de traballo e de acordo cos criterios obxectivos de carácter técnico que constan no manual de valoración RPT do Concello de Ponte deume, cabe establecer a seguinte proposta de valoración:

DENOMINACIÓN DO POSTO: SECRETARIO/A XERAL

COMPLEMENTO ESPECÍFICO					
FACTOR	GRADO 1	GRADO 2	GRADO 3	GRADO 4	GRADO 5
ESPECIAL DIFICULTADE TÉCNICA					270
PENOSIDADE					250
RESPONSABILIDADE	X	X	X	X	X
POR RESULTADOS OUTRAS PERSOAS					240
POR DIÑEIRO/CONTABILIDADE	6				
POR RELACIÓNS OUTRAS PERSOAS					210
PERIGOSIDADE				78	
ADICACIÓN			90		
INCOMPATIBILIDADE	8				
PUNTUACIÓN TOTAL	1152 (redondeo 1175)				

DENOMINACIÓN DO POSTO: INTERVENTOR/A





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

COMPLEMENTO ESPECÍFICO					
FACTOR	GRADO 1	GRADO 2	GRADO 3	GRADO 4	GRADO 5
ESPECIAL DIFICULTADE TÉCNICA					270
PENOSIDADE					250
RESPONSABILIDADE	X	X	X	X	X
POR RESULTADOS OUTRAS PERSOAS					240
POR DIÑEIRO/CONTABILIDADE					60
POR RELACIÓNS OUTRAS PERSOAS					210
PERIGOSIDADE				78	
ADICACIÓN		50			
INCOMPATIBILIDADE	8				
PUNTUACIÓN TOTAL	1166 (redondeo 1175)				

DENOMINACIÓN DO POSTO: TESOUREIRO/A

COMPLEMENTO ESPECÍFICO					
FACTOR	GRADO 1	GRADO 2	GRADO 3	GRADO 4	GRADO 5
ESPECIAL DIFICULTADE TÉCNICA					270
PENOSIDADE					250
RESPONSABILIDADE	X	X	X	X	X
POR RESULTADOS OUTRAS PERSOAS				90	
POR DIÑEIRO/CONTABILIDADE					60
POR RELACIÓNS OUTRAS PERSOAS				60	
PERIGOSIDADE				78	
ADICACIÓN		50			
INCOMPATIBILIDADE	8				
PUNTUACIÓN TOTAL	866 (redondeo 875)				

3. Corrección do nivel do Complemento de Destino (CD) nos postos do Corpo da Policía Local.

A Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, veu a establecer unha nova estrutura dos corpos de policía local en escalas, categorías e grupos, o que supuxo unha modificación na clasificación dos seus grupos profesionais. Os novos grupos de clasificación profesional, resultantes da reclasificación, foron os seguintes:



RUA REAL, 13 – 15.600 PONTEDEUME (A CORUÑA)
CIF P-1507000 F – Nº REELL 01150695
TELÉFONO 981 43 30 54 – FAX 981 43 33 68 - www.pontedeume.gal

Páxina 17 de 93



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- As escalas superior e técnica: grupo A, subgrupo A1.
- A escala executiva: grupo B, subgrupo A2.
- Á escala básica, grupo C, subgrupo C1.

Como consecuencia do anterior, os postos de Oficial de Policía e Policía Local do Concello de Ponte deume foron reclasificados dende o subgrupo C2 (antigo grupo D) ao subgrupo C1 (antigo grupo C).

Non obstante, esta adecuación do grupo profesional, derivada da normativa citada, non se veu acompañada da correspondente revisión e adecuación do nivel do complemento de destino.

A este respecto, cabe explicar que uns dos factores ou criterios determinantes do nivel de destino dos postos de traballo é o referido á titulación ou formación básica. Na actualidade, os postos de Oficial e Policía teñen unha valoración neste factor que é propia dun posto do subgrupo C2 (esixencia do título de graduado en E.S.O. ou equivalente), polo que resulta necesaria a corrección da puntuación outorgada en dito factor e asignarlle a valoración que por titulación ou formación básica lle corresponde a un posto encadrado no subgrupo C1 (esixencia do título de bacharelato ou equivalente).

De conformidade co anteriormente exposto, cabe corrixir a valoración do complemento de destino dos referidos postos nos seguintes termos:

DENOMINACIÓN DO POSTO: OFICIAL POLICÍA

COMPLEMENTO DE DESTINO					
FACTOR	GRADO 1	GRADO 2	GRADO 3	GRADO 4	GRADO 5
ESPECIALIZACIÓN	X	X	X	X	X
TITULACIÓN OU FORMACIÓN BÁSICA			83		
FORMACIÓN COMPLEMENTARIA		40			
RESPONSABILIDADE	X	X	X	X	X
POLOS RESULTADOS DE OUTRAS PERSOAS		28			
POR DIÑEIRO/CONTABILIDADE	6				
POR RELACIÓNS CON OUTRAS PERSOAS				70	
COMPETENCIA		83			
XEFATURA OU MANDO		65			
COMPLEXIDADE TERRITORIAL OU FUNCIONAL	X	X	X	X	X
COMPLEX. TERRITORIAL			49		
COMPLEX. FUNCIONAL		52			
PUNTUACIÓN TOTAL	476				





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

DENOMINACIÓN DO POSTO: POLICÍA LOCAL

COMPLEMENTO DE DESTINO					
FACTOR	GRADO 1	GRADO 2	GRADO 3	GRADO 4	GRADO 5
ESPECIALIZACIÓN	X	X	X	X	X
TITULACIÓN OU FORMACIÓN BÁSICA			83		
FORMACIÓN COMPLEMENTARIA		40			
RESPONSABILIDADE	X	X	X	X	X
POLOS RESULTADOS DE OUTRAS PERSOAS	7				
POR DIÑEIRO/CONTABILIDADE	6				
POR RELACIÓNS CON OUTRAS PERSOAS			49		
COMPETENCIA		83			
XEFATURA OU MANDO	20				
COMPLEXIDADE TERRITORIAL OU FUNCIONAL	X	X	X	X	X
COMPLEX. TERRITORIAL			49		
COMPLEX. FUNCIONAL		52			
PUNTUACIÓN TOTAL	389				

A citada revisión na valoración do complemento de destino supón a modificación do nivel do CD nos seguintes termos:

CÓDIGO	POSTO	NIVEL CD ACTUAL	NIVEL CD NOVO
04.00.00.01.02	OFICIAL DE POLICÍA	18	20
04.00.00.02.03- 10	POLICÍA	16	18

4. Corrección do nivel do Complemento de Destino (CD) do posto de Técnico/a de Administración Xeral-Xefe/a de Secretaría.

A este respecto cabe advertir que se detectou un erro no nivel de destino asignado ao referido posto de traballo. Así, o posto de Técnico medio en servizos sociais (código 06.00.00.01.01), con unha puntuación no CD de 613 puntos, ten asignado un nivel de destino 26.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

En cambio, o posto de Técnico/a de Administración Xeral-Xefe/a de Secretaría, con unha puntuación no CD de 600 puntos (isto é, só 13 puntos menos), ten asignado un nivel de destino 24.

Deste xeito, non resulta coherente, nin proporcionado que, cunha diferenza de só 13 puntos (o que implica estar no mesmo rango de puntuacións), a un posto de Técnico medio (encadrado no subgrupo A2) se lle asigne o nivel 26 e a un posto de TAX (encadrado no subgrupo A1) se lle asigne o nivel 24. Polo tanto, procedería realizar a referida corrección na asignación do nivel de destino no citado posto de traballo.

A citada corrección do complemento de destino supón a modificación do nivel do CD nos seguintes termos:

CÓDIGO	POSTO	NIVEL CD ACTUAL	NIVEL CD NOVO
01.00.00.02.02	TÉCNICO/A DE ADMINISTRACIÓN LOCAL. XEFE/A DE SECRETARIA	24	26

5. Postos que están contemplados no organigrama municipal, pero que non teñen asignada na actualidade unha valoración:

Trasládase ao presente informante a necesidade de realizar unha valoración dos seguintes postos de traballo, que figuran no organigrama municipal dende a aprobación da modificación nº 3 da RPT, pero que non foron obxecto de valoración:

- Animador/a Cultural: Posto creado como laboral, en aplicación da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no sector público, no servizo de Cultura e Turismo.
- Animador/a Deportivo: Posto creado como laboral, en aplicación da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no sector público, no servizo de Deportes.
- AEDL: Posto creado como laboral, en aplicación da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no sector público, no servizo de Formación, emprego e desenvolvemento local.
- Auxiliar Policía Local: Posto creado como laboral fixo-descontinuo 4 meses e, excepcionalmente, 6 meses anuais, en aplicación da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no sector público, no servizo de Policía Local.
-

A continuación expóñense as fichas descritivas dos referidos postos de traballo:





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

CÓDIGO	09.00.00.03.04
DENOMINACIÓN	ANIMADOR/A CULTURAL
ÁREA DE ADSCRICIÓN	CULTURA E TURISMO
TIPO DE PERSOAL	LABORAL
ESCALA	
GRUPO	II
NIVEL	20
FUNCIÓNS	1.- Colaborar na planificación, programación e control da actividade cultural e da xuventude municipal. 2.- Desenvolvemento de actividades socioculturais de todo tipo baixo supervisión. 3.- Supervisión do estado das instalacións culturais municipais. 4.- Control e inventario do material vinculado ás actividades culturais. 5.- Traballo administrativo derivado das súas funcións. 6.- Calquera outra propia do seu corpo, escala ou categoría dentro das atribuídas á área de pertenza.
OBSERVACIÓNS	ESPECIAL DISPOÑIBILIDADE

CÓDIGO	08.00.00.03.03
DENOMINACIÓN	ANIMADOR/A DEPORTIVO
ÁREA DE ADSCRICIÓN	DEPORTES
TIPO DE PERSOAL	LABORAL
ESCALA	
GRUPO	II
NIVEL	20
FUNCIÓNS	1.- Coordinación coas empresas concesionarias que realizan as actividades deportivas e supervisión de ditas actividades. 2.- Estudar as necesidades das infraestruturas deportivas municipais e transmitilas ao seu superior xerárquico. 3.- Asistencia aos eventos deportivos organizados polo Concello cando así se lle requira. 4.- Planificación e organización de viaxes e excursións de carácter deportivo. 5.- Inventario do material deportivo e solicitude de material necesario. 6.- Control de horarios, coordinación de actividades e actualización de paneis informativos. 7.- Control e acopio de material.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

	8.- Impartición de formación deportiva segundo necesidades (tanto presencial como por medios telemáticos). 9.- Calquera outra, relacionada co posto de traballo, que lle encomendo o superior xerárquico.
OBSERVACIÓNS	ESPECIAL DISPOÑIBILIDADE

CÓDIGO	07.00.00.03.06
DENOMINACIÓN	AEDL
ÁREA DE ADSCRICIÓN	FORMACIÓN, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL
TIPO DE PERSOAL	LABORAL
ESCALA	
GRUPO	II
NIVEL	20
FUNCIÓNS	1.- As propias de Axente de Emprego e Desenvolvemento Local segundo a normativa vixente da Xunta de Galicia. 2.- Informar as empresas dos instrumentos de promoción e fomento da competitividade empresarial, así como facilitar o seu acceso a eles e a súa tramitación. 3.- Creación e mantemento da base de datos de empresas municipais. 4.- Promover a cultura emprendedora fomentando iniciativas empresariais, informando e xestionando as políticas activas de emprego relacionadas coa actividade empresarial. 5.- Asesorar ás empresas e persoas emprendedoras das subvencións para a formación e o emprego, así como facilitar o acceso a elas e a súa tramitación. 6.- Colaborar na inserción laboral das persoas demandantes de emprego propoñendo accións de mellora da empregabilidade da poboación desempregada. 7.- Planificación, xestión, tramitación e financiamento europeo, estatal e autonómico de proxectos subvencionados ante as distintas administracións públicas, sendo instrumento de aplicación das políticas activas de emprego a nivel local. 8.- Coordinación de obradoiros de emprego municipais. 9.- Organización de actividades de promoción do Concello. 10.- Difusión e información de empresas de emprego público e privado. 11.- Calquera outra propia do seu corpo, escala ou categoría dentro das atribuídas á área de pertenza.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

OBSERVACIÓNS	
CÓDIGO	04.00.00.02.11
DENOMINACIÓN	AUXILIAR POLICÍA LOCAL
ÁREA DE ADSCRICIÓN	POLICÍA LOCAL
TIPO DE PERSOAL	LABORAL
ESCALA	
GRUPO	IV
NIVEL	16
FUNCIÓNS	1.- Asumir funcións de apoio e de auxilio aos membros do corpo de Policía Local propias da súa categoría e de conformidade co disposto na lexislación de corpos e forzas de seguridade. 2.- Controlar a seguridade viaria. 3.- Calquera outra propia do seu corpo, escala ou categoría dentro das atribuídas á área de pertenza.
OBSERVACIÓNS	FIXO-DESCONTINUO (máximo 6 meses) XORNADA A QUENDAS

Que respecto da descrición de funcións contidas nas anteriores fichas, cómpre precisar que a mesma non pretende ser exhaustiva e se realiza sen prexuízo de que, cando as circunstancias o xustifiquen, ao ocupante do posto se lle poida esixir o desenvolvemento de calquera función, tarefa ou responsabilidade distinta á correspondente ao posto de traballo, sempre que resulten axeitadas ao seu Corpo, Escala, Subescala ou Categoría Profesional (vid. Artigo 73.2 da Lei 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público), así como daquelas funcións asignadas por disposicións normativas específicas, por disposicións legais de nova aplicación, ou por outros instrumentos de ordenación do persoal de carácter interno que se poidan desenvolver no seo da propia Administración Municipal.

- Proposta de valoración dos referidos postos de traballo:

Atendendo ás características estruturais e funcionais dos citados postos de traballo e de acordo cos criterios obxectivos de carácter técnico que constan no manual de valoración RPT do Concello de Ponte deume, cabe establecer a seguinte proposta de valoración:





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

DENOMINACIÓN DO POSTO: ANIMADOR/A CULTURAL

COMPLEMENTO DE DESTINO					
FACTOR	GRADO 1	GRADO 2	GRADO 3	GRADO 4	GRADO 5
ESPECIALIZACIÓN	X	X	X	X	X
TITULACIÓN OU FORMACIÓN BÁSICA				116	
FORMACIÓN COMPLEMENTARIA			70		
RESPONSABILIDADE	X	X	X	X	X
POLOS RESULTADOS DE OUTRAS PERSOAS	7				
POR DIÑEIRO/CONTABILIDADE	6				
POR RELACIÓNS CON OUTRAS PERSOAS			49		
COMPETENCIA		83			
XEFATURA OU MANDO	20				
COMPLEXIDADE TERRITORIAL OU FUNCIONAL	X	X	X	X	X
COMPLEX. TERRITORIAL		28			
COMPLEX. FUNCIONAL		52			
PUNTUACIÓN TOTAL	431				

DENOMINACIÓN DO POSTO: ANIMADOR/A CULTURAL

COMPLEMENTO ESPECÍFICO					
FACTOR	GRADO 1	GRADO 2	GRADO 3	GRADO 4	GRADO 5
ESPECIAL DIFICULTADE TÉCNICA			148		
PENOSIDADE		81			
RESPONSABILIDADE	X	X	X	X	X
POR RESULTADOS OUTRAS PERSOAS	9				
POR DIÑEIRO/CONTABILIDADE	6				
POR RELACIÓNS OUTRAS PERSOAS			42		
PERIGOSIDADE	10				
ADICACIÓN		50			
INCOMPATIBILIDADE	8				
PUNTUACIÓN TOTAL	354 (redondeo 375)				





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

DENOMINACIÓN DO POSTO: ANIMADOR/A DEPORTIVO

COMPLEMENTO DE DESTINO					
FACTOR	GRADO 1	GRADO 2	GRADO 3	GRADO 4	GRADO 5
ESPECIALIZACIÓN	X	X	X	X	X
TITULACIÓN OU FORMACIÓN BÁSICA				116	
FORMACIÓN COMPLEMENTARIA			70		
RESPONSABILIDADE	X	X	X	X	X
POLOS RESULTADOS DE OUTRAS PERSOAS	7				
POR DIÑEIRO/CONTABILIDADE	6				
POR RELACIÓNS CON OUTRAS PERSOAS			49		
COMPETENCIA		83			
XEFATURA OU MANDO	20				
COMPLEXIDADE TERRITORIAL OU FUNCIONAL	X	X	X	X	X
COMPLEX. TERRITORIAL		28			
COMPLEX. FUNCIONAL		52			
PUNTUACIÓN TOTAL	431				

DENOMINACIÓN DO POSTO: ANIMADOR/A DEPORTIVO

COMPLEMENTO ESPECÍFICO					
FACTOR	GRADO 1	GRADO 2	GRADO 3	GRADO 4	GRADO 5
ESPECIAL DIFICULTADE TÉCNICA			148		
PENOSIDADE		81			
RESPONSABILIDADE	X	X	X	X	X
POR RESULTADOS OUTRAS PERSOAS	9				
POR DIÑEIRO/CONTABILIDADE	6				
POR RELACIÓNS OUTRAS PERSOAS			42		
PERIGOSIDADE	10				
ADICACIÓN		50			
INCOMPATIBILIDADE	8				





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

PUNTUACIÓN TOTAL	354 (redondeo 375)
------------------	--------------------

DENOMINACIÓN DO POSTO: AEDL

COMPLEMENTO DE DESTINO					
FACTOR	GRADO 1	GRADO 2	GRADO 3	GRADO 4	GRADO 5
ESPECIALIZACIÓN	X	X	X	X	X
TITULACIÓN OU FORMACIÓN BÁSICA				116	
FORMACIÓN COMPLEMENTARIA			70		
RESPONSABILIDADE	X	X	X	X	X
POLOS RESULTADOS DE OUTRAS PERSOAS	7				
POR DIÑEIRO/CONTABILIDADE	6				
POR RELACIÓNS CON OUTRAS PERSOAS			49		
COMPETENCIA		83			
XEFATURA OU MANDO	20				
COMPLEXIDADE TERRITORIAL OU FUNCIONAL	X	X	X	X	X
COMPLEX. TERRITORIAL		28			
COMPLEX. FUNCIONAL		52			
PUNTUACIÓN TOTAL	431				

DENOMINACIÓN DO POSTO: AEDL

COMPLEMENTO ESPECÍFICO					
FACTOR	GRADO 1	GRADO 2	GRADO 3	GRADO 4	GRADO 5
ESPECIAL DIFICULTADE TÉCNICA			148		
PENOSIDADE		81			
RESPONSABILIDADE	X	X	X	X	X
POR RESULTADOS OUTRAS PERSOAS	9				
POR DIÑEIRO/CONTABILIDADE	6				
POR RELACIÓNS OUTRAS PERSOAS			42		
PERIGOSIDADE		33			
ADICACIÓN	9				





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

INCOMPATIBILIDADE	8				
PUNTUACIÓN TOTAL	336 (redondeo 350)				

DENOMINACIÓN DO POSTO: AUXILIAR POLICÍA LOCAL

COMPLEMENTO DE DESTINO					
FACTOR	GRADO 1	GRADO 2	GRADO 3	GRADO 4	GRADO 5
ESPECIALIZACIÓN	X	X	X	X	X
TITULACIÓN OU FORMACIÓN BÁSICA		49			
FORMACIÓN COMPLEMENTARIA		40			
RESPONSABILIDADE	X	X	X	X	X
POLOS RESULTADOS DE OUTRAS PERSOAS	7				
POR DIÑEIRO/CONTABILIDADE	6				
POR RELACIÓNS CON OUTRAS PERSOAS			49		
COMPETENCIA		83			
XEFATURA OU MANDO	20				
COMPLEXIDADE TERRITORIAL OU FUNCIONAL	X	X	X	X	X
COMPLEX. TERRITORIAL			49		
COMPLEX. FUNCIONAL	13				
PUNTUACIÓN TOTAL	316				

DENOMINACIÓN DO POSTO: AUXILIAR POLICÍA LOCAL

COMPLEMENTO ESPECÍFICO					
FACTOR	GRADO 1	GRADO 2	GRADO 3	GRADO 4	GRADO 5
ESPECIAL DIFICULTADE TÉCNICA	27				
PENOSIDADE		81			
RESPONSABILIDADE	X	X	X	X	X
POR RESULTADOS OUTRAS PERSOAS	9				
POR DIÑEIRO/CONTABILIDADE	6				
POR RELACIÓNS OUTRAS PERSOAS			49		
PERIGOSIDADE		33			
ADICACIÓN		50			





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

INCOMPATIBILIDADE	8				
PUNTUACIÓN TOTAL	263 (redondeo 275)				

6. Creación dos seguintes novos postos de traballo:

Co obxecto de reforzar diferentes servizos municipais, propónse a creación dos seguintes postos novos:

- Un posto de Técnico/a Medio Intervención. Posto de tipo funcionario clasificado no subgrupo A2.
-
- Tres postos de Peóns para o servizo de obras e servizos. Postos de tipo laboral clasificados no grupo V.
-

Cómpre sinalar que a creación dos postos de traballo citados se considera indispensable e necesaria co obxecto de satisfacer as actuais necesidades dos referidos servizos municipais e garantir a súa adecuada cobertura e prestación.

A continuación expóñense as fichas descritivas dos referidos novos postos de traballo:

CÓDIGO	02.00.00.02.03
DENOMINACIÓN	TÉCNICO/A MEDIO INTERVENCIÓN
ÁREA DE ADSCRICIÓN	ECONÓMICO-FINANCIERA
TIPO DE PERSOAL	FUNCIONARIO
ESCALA	A.X. (XESTIÓN)
GRUPO	A2
NIVEL	20
FUNCIONES	1.- Prestar asistencia técnico-administrativa na tramitación dos expedientes e asuntos propios da área económico-financiera e que lle sexan encomendados no eido da súa capacitación profesional e competencial. 2.- Apoio á intervención no desenvolvemento das súas funcións ordinarias. 3.- Realizar informes, dentro do seu eido competencial e profesional, e relativos ás materias propias do departamento. 4.- Calquera outra propia do seu corpo, escala ou categoría dentro das atribuídas á área de pertenza.
OBSERVACIÓNS	





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

CÓDIGO	05.01.00.03.11; 05.01.00.03.12; 05.01.00.03.13
DENOMINACIÓN	PEÓN
ÁREA DE ADSCRICIÓN	OBRAS E SERVIZOS
TIPO DE PERSOAL	LABORAL
ESCALA	
GRUPO	V
NIVEL	12
FUNCIÓNS	1.- Execución de obras públicas municipais. 2.- Reparación de edificios e bens do concello. 3.- Labores de mantemento de edificios e bens do concello. 4.- Calquera outra propia do seu corpo, escala ou categoría dentro das atribuídas á área de pertenza.
OBSERVACIÓNS	

Que respecto da descrición de funcións contidas nas anteriores fichas, cómpre precisar que a mesma non pretende ser exhaustiva e se realiza sen prexuízo de que, cando as circunstancias o xustifiquen, ao ocupante do posto se lle poida esixir o desenvolvemento de calquera función, tarefa ou responsabilidade distinta á correspondente ao posto de traballo, sempre que resulten axeitadas ao seu Corpo, Escala, Subescala ou Categoría Profesional (vid. Artigo 73.2 da Lei 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público), así como daquelas funcións asignadas por disposicións normativas específicas, por disposicións legais de nova aplicación, ou por outros instrumentos de ordenación do persoal de carácter interno que se poidan desenvolver no seo da propia Administración Municipal.

- Proposta de valoración dos referidos novos postos de traballo:

Atendendo ás características estruturais e funcionais dos citados postos de traballo e de acordo cos criterios obxectivos de carácter técnico que constan no manual de valoración RPT do Concello de Ponte deume, cabe establecer a seguinte proposta de valoración:





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

DENOMINACIÓN DO POSTO: TÉCNICO/A MEDIO INTERVENCIÓN

COMPLEMENTO DE DESTINO					
FACTOR	GRADO 1	GRADO 2	GRADO 3	GRADO 4	GRADO 5
ESPECIALIZACIÓN	X	X	X	X	X
TITULACIÓN OU FORMACIÓN BÁSICA				116	
FORMACIÓN COMPLEMENTARIA			70		
RESPONSABILIDADE	X	X	X	X	X
POLOS RESULTADOS DE OUTRAS PERSOAS		28			
POR DIÑEIRO/CONTABILIDADE	6				
POR RELACIÓNS CON OUTRAS PERSOAS			49		
COMPETENCIA		83			
XEFATURA OU MANDO	20				
COMPLEXIDADE TERRITORIAL OU FUNCIONAL	X	X	X	X	X
COMPLEX. TERRITORIAL		28			
COMPLEX. FUNCIONAL		52			
PUNTUACIÓN TOTAL	452				

DENOMINACIÓN DO POSTO: TÉCNICO/A MEDIO INTERVENCIÓN

COMPLEMENTO ESPECÍFICO					
FACTOR	GRADO 1	GRADO 2	GRADO 3	GRADO 4	GRADO 5
ESPECIAL DIFICULTADE TÉCNICA			148		
PENOSIDADE		81			
RESPONSABILIDADE	X	X	X	X	X
POR RESULTADOS OUTRAS PERSOAS		36			
POR DIÑEIRO/CONTABILIDADE	6				
POR RELACIÓNS OUTRAS PERSOAS			42		
PERIGOSIDADE	10				
ADICACIÓN	9				
INCOMPATIBILIDADE	8				
PUNTUACIÓN TOTAL	340 (redondeo 350)				





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

DENOMINACIÓN DO POSTO: PEÓN

COMPLEMENTO DE DESTINO					
FACTOR	GRADO 1	GRADO 2	GRADO 3	GRADO 4	GRADO 5
ESPECIALIZACIÓN	X	X	X	X	X
TITULACIÓN OU FORMACIÓN BÁSICA	15				
FORMACIÓN COMPLEMENTARIA	10				
RESPONSABILIDADE	X	X	X	X	X
POLOS RESULTADOS DE OUTRAS PERSOAS	7				
POR DIÑEIRO/CONTABILIDADE	6				
POR RELACIÓNS CON OUTRAS PERSOAS	7				
COMPETENCIA	15				
XEFATURA OU MANDO	20				
COMPLEXIDADE TERRITORIAL OU FUNCIONAL	X	X	X	X	X
COMPLEX. TERRITORIAL			49		
COMPLEX. FUNCIONAL	13				
PUNTUACIÓN TOTAL	142				

DENOMINACIÓN DO POSTO: PEÓN

COMPLEMENTO ESPECÍFICO					
FACTOR	GRADO 1	GRADO 2	GRADO 3	GRADO 4	GRADO 5
ESPECIAL DIFICULTADE TÉCNICA	27				
PENOSIDADE			137		
RESPONSABILIDADE	X	X	X	X	X
POR RESULTADOS OUTRAS PERSOAS	9				
POR DIÑEIRO/CONTABILIDADE	6				
POR RELACIÓNS OUTRAS PERSOAS	6				
PERIGOSIDADE		33			
ADICACIÓN	9				
INCOMPATIBILIDADE	8				
PUNTUACIÓN TOTAL	235 (redondeo 250)				



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

7. Modificación do posto de Bibliotecario/a-Arquiveiro/a con código 09.00.00.01.01:

Trasládase ao presente informante a necesidade de transformar o referido posto de traballo co obxecto de que as funcións propias da biblioteca e do arquivo se realicen por dous postos diferenciados. Polo tanto, propónse a modificación do referido posto de traballo co obxecto de contemplar na RPT os seguintes postos novos:

- Un novo posto de Bibliotecario/a contemplado a xornada completa; posto que conservaría o código 09.00.00.01.01.
-
- Un novo posto de Arquiveiro/a contemplado a xornada parcial (50%); posto ao que se lle asignaría o código 01.00.00.02.03.
-

Cabe sinalar que a creación dos postos de traballo citados se considera indispensable e necesaria co obxecto de satisfacer as actuais necesidades dos referidos servizos municipais e garantir a súa adecuada cobertura e prestación.

A continuación expóñense as fichas descritivas dos referidos postos de traballo:

CÓDIGO	09.00.00.01.01
DENOMINACIÓN	BIBLIOTECARIO/A
ÁREA DE ADSCRICIÓN	ÁREA DE CULTURA E TURISMO
TIPO DE PERSOAL	FUNCIONARIO
ESCALA	A.X. (ADVA.)
GRUPO	C1
NIVEL	18
FUNCÍONS	1.- Asumir a xestión e organización da actividade ordinaria da Biblioteca Municipal. 2.- Automatización de fondos e mantemento do catálogo. 3.- Programación e posta en marcha de actividades e programas de animación á lectura ou doutra índole e propios do eido competencial da área. 4.- Atención ao público usuario da Biblioteca. 5.- Xestión e tramitación de axudas económicas propias da Biblioteca Municipal. 6.- Calquera outra propia do seu corpo ou escala dentro das atribuídas á área de pertenza.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

OBSERVACIÓNS	<i>Especial dispoñibilidade</i>
---------------------	---------------------------------

CÓDIGO	01.00.00.02.03
DENOMINACIÓN	ARQUIVEIRO/A
ÁREA DE ADSCRICIÓN	ÁREA DE ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIME INTERNO
TIPO DE PERSOAL	FUNCIONARIO
ESCALA	A.E. (TÉCNICA)
GRUPO	A2
NIVEL	20
FUNCIONES	1.- Organización e xestión ordinaria do Arquivo Municipal e do Arquivo Histórico. 2.- Xestión do arquivo electrónico previsto na Lei 39/2015, do 2 de outubro e a catalogación da documentación. 3.- Dixitalización do arquivo municipal e histórico e colaboración coas obrigas de transparencia e información pública nos termos da Lei 19/2013, do 9 de decembro. 4.- Ordenación e actualización da base de datos. 5.- Atender aos usuarios do servizo. 6.- Calquera outra propia do seu corpo ou escala dentro das atribuídas á área de pertenza.
OBSERVACIÓNS	Xornada a tempo parcial (50%)

Que respecto da descrición de funcións contidas nas anteriores fichas, cómpre precisar que a mesma non pretende ser exhaustiva e se realiza sen prexuízo de que, cando as circunstancias o xustifiquen, ao ocupante do posto se lle poida esixir o desenvolvemento de calquera función, tarefa ou responsabilidade distinta á correspondente ao posto de traballo, sempre que resulten axeitadas ao seu Corpo, Escala, Subescala ou Categoría Profesional (vid. Artigo 73.2 da Lei 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público), así como daquelas funcións asignadas por disposicións normativas específicas, por disposicións legais de nova aplicación, ou por outros instrumentos de ordenación do persoal de carácter interno que se poidan desenvolver no seo da propia Administración Municipal.

